

Os escritores etiquetan a mellor colleita: Laura no deserto (Antón Riveiro Coello) e Leopardo son (Pilar Pallarés)

Por **Redacción** - 06/05/2012

Este sábado tivo lugar unha das principais citas literarias do país: a chamada Cea das Letras que organiza a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG). No transcurso da mesma déronse a coñecer os Premios AELG 2012, que distinguen as mellores obras publicadas ao longo do ano pasado.

Premio de Narrativa:



Riveiro Coello

-Gañador: **Antón Riveiro Coello**, pola súa novela *Laura no deserto*.


-Finalistas: Xavier Queipo (*Extramunde*) e Agustín Fernández Paz (*Non hai noite tan longa*)

Premio de Poesía:

-Gañadora: **Pilar Pallarés** (*Leopardo son*)

-Finalistas: Estevo Creus (*balea2*) e Andrea Nunes Brións (*Todas as mulleres que fun*)

Premio Literatura Infantil e Xuvenil



Pilar Pallarés

-Gañador: **Agustín Fernández Paz** (*Fantasma de luz*)

-Finalistas: Marica Campo (*Noutra dimensión*) e Fran Alonso (*O meu gato é poeta*)

Premio a Texto Teatral

-Gañador: **Raúl Dans** (*Chegamos despois a unha terra gris*)

-Finalistas: Manuel Guede (*A función do tequila*) e Inácio Vilariño (*Fábula galénica*)

Premio Ensaio

-Gañadora: **Mercedes Queixas Zas** (*Vivir, unha aventura irrepetible: Unha biografía de María do Carme Kruckemberg*)

-Finalistas: Francisco Rodríguez (*Rosalía de Castro. Estranxeira na súa patria*) e Carlos Callón (*Como defenderes os teus dereitos lingüísticos*)

Premio á Mellor Tradución

- **Gañador: Ramón Gutiérrez Izquierdo** (*Sonetos de Shakespeare*)

- Finalistas: Darío X. Cabana (*Os trovadores de Occitania*) e Lucía Caeiro (*Versos Escollidos de w. Szyborska*)

Premio ao Mellor Traballo de Xornalismo Literario



Raúl Dans

Gañador: **Bieito Iglesias**

Finalistas: Anxo Tarrío, Iago Martínez, Ramón Chao e Santiago Jaureguizar.

Premio ao Mellor Blog Literario

Gañador: **Miro Villar** (polo seu blog *As Crebas*)

Finalistas: Ramón Nicolás (*Caderno da Crítica*) e Armando Requeixo (*Criticalia*)

A asociación de escritores tamén fixo unha mención especial aos equipos de normalización e concedeulle o Premio Internacional da AELG ao escritor José Luís Sampedro, ao que o invisten como "Escritor Galego Universal"

A AELG agrupa a máis de 400 escritores e escritoras que teñen algún libro individual publicado en lingua galega. Todos eles teñen dereito a emitir o seu voto nos premios anuais.